2. O órgano instrutor examinará as solicitudes presentadas e requiriran aos solicitantes que, no prazo máximo de dez (10) días hábiles, acheguen a documentación non presentada e, no caso de que as solicitudes conteñan defectos ou omisións, as emenden, conforme se establece no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Neste requirimento indicárase ademais que, se non o fixera, se terá por desistido da súa petición, previa notificación nos termos que se recollen no artigo 21 da citada Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. Unha vez tramitadas as solicitudes, o órgano instrutor proporá a relación de solicitudes que cumpren os requisitos da convocatoria e as que non os cumpren ou non se axustan, indicará a súa causa de incumprimento e remitiráas á Subdirección Xeral de Recursos Forestais.

4. Posteriormente a persoa titular da Subdirección Xeral de Recursos Forestais formulará a proposta de resolución e finalmente resolverá a persoa titular da dirección xeral responsable da planificación e ordenación forestal por delegación da persoa titular da Consellería do Medio Rural.

5. A aprobación das axudas solicitadas en réxime de concorrencia competitiva axustarase aos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.

6. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ao interesado será de cinco (5) meses, contados a partir do día seguinte da finalización do prazo para a presentación de solicitudes. Este prazo poderase ampliar segundo o indicado no artigo 23 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Na resolución de concesión farase constar o importe da axuda, expresado en equivalente bruto de subvención, indicando que para as persoas físicas e xurídicas que realizan actividades económicas, ten natureza *de minimis*, segundo o Regulamento (UE) núm. 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro.

No caso de non se ditar resolución expresa no prazo indicado, o interesado poderá entender desestimada a súa solicitude sen prexuízo da obriga legal de resolver expresamente conforme o disposto nos artigos 21 e 25 da Lei 39/2015.

CVE-DOG: xh7qvbv6-pbr9-scl2-16z4-kt7vnyw8x320



7. As resolucións ditadas ao abeiro da correspondente orde de convocatoria porán fin á vía administrativa e contra elas poderán interporse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o conselleiro do Medio Rural, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución.

b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución.

Artigo 15. *Notificación*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos efectuaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas efectuaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións na conta de correo e/ou teléfono móbil que conste na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán crear de oficio o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento por parte das persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

CVE-DOG: xh7qvbv6-pbr9-scl2-16z4-kt7vnyw8x320



5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, efectuarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 16. *Publicación dos actos*

1. As notificacións das resolucións de aprobación e denegación destas axudas realizaranse mediante a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, dos actos administrativos e das correspondentes resolucións deste procedemento. Esta publicación producirá os efectos de notificación.

Nesta publicación especificarase a data da convocatoria, a entidade beneficiaria, a cantidade concedida e a finalidade da subvención outorgada, así como a indicación das causas da desestimación e expresaranse, ademais, os recursos que contra a resolución procedan, o órgano administrativo ou xudicial ante o que deben presentarse e o prazo para interpoñelos.

2. Na notificación de concesión da axuda informaranse as persoas beneficiarias de que se encadra no Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

Artigo 17. *Execución dos traballos*

1. O prazo máximo para executar e xustificar as axudas concedidas nesta orde remata o 31 de xaneiro de 2026.

2. Atendendo ao artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poderase conceder a ampliación do prazo de execución establecido, que non exceda a metade del, se as circunstancias o aconsellan e con isto non se prexudican dereitos dun terceiro. Esta ampliación deberá solicitarse, como mínimo, dous meses antes de que acabe o prazo de execución. Os acordos sobre ampliación dos prazos ou sobre a súa denegación non serán susceptibles de recurso.

O órgano instrutor propondrá as anteditas ampliacións á persoa titular da subdirección xeral responsable dos recursos forestais, que elevará a proposta á persoa titular da dirección xeral responsable da planificación e ordenación forestal para a súa aprobación por delegación da persoa titular da Consellería do Medio Rural.

3. Transcorrido o prazo establecido de execución sen ter presentado a xustificación dos traballos subvencionados a que se fai referencia no artigo 18, requirirase a beneficiaria

CVE-DOG: xh7qvbv6-pbr9-scl2-16z4-kt7vnyw8x320



para que a presente no prazo improrrogable de dez (10) días. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste parágrafo comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención e poderá supor a apertura dun expediente sancionador segundo se establece na Lei de subvencións de Galicia.

4. Así mesmo, no caso de ter presentada a xustificación dos traballos subvencionados, se a entidade beneficiaria fose requirida para presentar documentación adicional, e non achegase esa documentación no prazo establecido no requirimento, perderá o dereito ao cobramento total ou parcial da subvención.

Artigo 18. *Xustificación das actividades subvencionadas*

1. O prazo máximo para presentar a xustificación das actividades subvencionables será o 31 de xaneiro de 2026, e só serán subvencionables os gastos realizados e efectivamente pagados entre o 1 de xaneiro de 2025 e a data final de xustificación.

2. As entidades beneficiarias deberán presentar, xunto coa solicitude de pagamento (anexo II), a documentación xustificativa acreditativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención, que constará dos seguintes documentos:

a) Facturas ou documentos probatorios de valor equivalente, que cumbran os seguintes requisitos:

1. A expedición das facturas e o seu contido axustarase ao disposto no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

2. Deben desagregarse os conceptos obxecto de subvención e indicar a actuación ou actuacións a que se imputan.

b) Xustificante bancario do pagamento pola entidade beneficiaria en que conste a data de pagamento, o número da factura obxecto de pagamento, a identificación da persoa que realiza o pagamento, que deberá coincidir coa persoa beneficiaria da axuda, e a identificación do destinatario do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emitiu a factura.

c) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actuacións realizadas e dos resultados obtidos coas unidades desglosadas por parcelas e traballos, de ser o caso, coma na re-



solución de aprobación, de acordo cos apartados que figuran no anexo IV (actuacións e importes máximos dos investimentos) e no artigo 3. Deberá estar asinada dixitalmente por unha persoa titulada en Enxeñaría de Montes ou Enxeñaría Técnica Forestal, ou titulada universitaria de grao ou posgrao en materia forestal.

d) Unha memoria económica xustificativa que conterá, como mínimo, a contía da subvención calculada sobre a base das actuacións cuantificadas na memoria de actuación, de acordo cos datos que figuran no anexo IV (actuacións e importes máximos) e no artigo 3. Deberá estar asinada dixitalmente por unha persoa titulada en Enxeñaría de Montes ou Enxeñaría Técnica Forestal, ou titulada universitaria de grao ou posgrao en materia forestal.

e) Documentación específica de cada actuación subvencionada, da sinalada no anexo VI (documentación acreditativa das actuacións subvencionables), para acreditar o seu cumprimento.

f) No caso de concertar con terceiros a execución total das actividades subvencionadas a entidade beneficiaria pode ceder o dereito de cobramento da axuda cun terceiro.

Para iso debe presentar o anexo III (comunicación de cesión dos dereitos de cobramento) asignado, polo representante da entidade cedente e pola persoa cesionaria ou seu representante, xunto ca documentación de formalización da cesión; que pode ser unha copia do documento privado polo que se formalizou a cesión asinado electronicamente ou, de ser o caso, copia do documento público polo que se formalizou a cesión e a xustificación da liquidación do imposto de transmisións patrimoniais de actos xurídicos documentados (ITPAXD).

3. Na solicitude de pagamento (anexo II) inclúese a declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para as mesmas actividades incluídas no proxecto, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos, ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións. Ademais, tamén se inclúe a declaración de que mantén os requisitos para ser entidade beneficiaria e a mesma puntuación de priorización aplicando os criterios de baremación.

4. En todo caso a solicitude de pagamento e a documentación xustificativa da axuda concedida debe cumprir co disposto nos artigos 28 e 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como o artigo 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Artigo 19. *Pagamento*

1. Recibida a solicitude de pagamento e a documentación xustificativa das actividades subvencionadas, o órgano instrutor analizará a documentación xustificativa acreditativa do cumprimento e realización da actividade obxecto de subvención e emitirá unha proposta de pagamento que elevará á Subdirección Xeral de Recursos Forestais.

2. O pagamento efectuarase de forma nominativa a favor das entidades beneficiarias e despois da acreditación dos gastos e pagamentos realizados, ata o tope máximo da contía concedida como subvención.

3. Malia o anterior, no caso de que persoa beneficiaria da axuda se acolla á cesión do dereito de cobramento, establecido no número 3 do artigo 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considerarase efectivamente pagado o gasto coa cesión do dereito de cobramento da subvención a favor das persoas cesionarias, presentada de acordo co artigo 18.2.f).

4. Se da documentación presentada pola entidade beneficiaria para cada actividade queda xustificada unha contía inferior á da subvención inicialmente concedida, o pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da subvención efectivamente xustificada na devandita actividade, sen prexuízo do disposto no artigo 22.2.

5. Os pagamentos das actuacións da liña I realizarase cando a agrupación sexa inscrita no Rexistro de Agrupacións Forestais de Xestión Conxunta establecido no artigo 126 e seguintes da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia. Ademais, o pagamento da solicitude que inclúa a actuación de inscrición no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas realizarase cando sexa efectiva a inscrición no citado rexistro.

6. A Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal poderá solicitar as aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que considere axeitado.

7. En ningún caso poderá realizarse o pagamento da subvención mentres as entidades beneficiarias non figuren ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non teñan pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexan debedoras por resolución de procedencia de reintegro.

Artigo 20. *Modificación da resolución*

1. Se no transcurso da tramitación do expediente de axudas o solicitante precisa introducir modificacións no proxecto, poderá solicitarse unha modificación da resolución de



aprobación ante a Dirección Xeral Planificación e Ordenación Forestal, xustificando as razóns do cambio e xunto coa oportuna actualización do expediente que recolle as variacións das actividades previstas no proxecto orixinal.

O prazo para solicitar a modificación da resolución será ata dous (2) meses antes da finalización do prazo para a xustificación dos investimentos. Poderanse modificar as resolucións individuais de axuda, sempre que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación cumpran cos criterios de baremación aplicados para a concesión das axudas, sen que poida supoñer discriminación a terceiros e que non supoña a modificación da puntuación conseguida pola aplicación dos criterios de baremación.

2. A solicitude de modificación debe formulala a persoa que exerza a representación legal da entidade beneficiaria, expresando os motivos e os cambios que se propoñen.

3. A autorización da modificación será expresa e por resolución da Dirección Xeral Planificación e Ordenación Forestal, por delegación da persoa titular da Consellería do Medio Rural, logo da instrución do correspondente expediente de modificación e proposta motivada do órgano instructor.

4. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión seguindo o principio de proporcionalidade a que se refire o artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 21. *Contratación*

1. A entidade beneficiaria poderá concertar con terceiros a execución total das actividades que constitúe o obxecto da subvención, salvo que o impida a súa natureza, nos termos recollidos no artigo 27 e concordantes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Nas contratacións a entidade beneficiaria da axuda deberá de prever mecanismos para asegurar que os subcontratistas cumpran co principio de «non causar un prexuízo significativo ao ambiente». Ademais, a entidade subcontratada deberá cumprir cos principios transversais de xestión establecidos no Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

Artigo 22. *Reintegro e perda do dereito ao cobramento da axuda*

1. Procederá o reintegro total ou parcial das axudas concedidas ao abeiro desta orden e dos intereses de demora correspondentes no suposto de incumprimento das condicións



establecidas para a súa concesión, dos requisitos establecidos no articulado desta orde e, en xeral, nos casos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvención de Galicia.

Sen menoscabo do establecido no primeiro parágrafo, as persoas beneficiarias das axudas reguladas nesta orde seralles de aplicación o réxime de reintegro e/ou infraccións e sancións previsto nos títulos II e IV da Ley 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. No caso referente á contía ou conceptos subvencionados, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente aos conceptos subvencionables deixados de practicar ou aplicados a outros distintos dos considerados subvencionables. Con carácter xeral, se o incumprimento supera o 40 % (execución inferior ao 60 %) da base subvencionable da axuda aprobada, entenderase que o devandito incumprimento é total e non terá dereito ao cobro salvo que se aprobaran todas as solicitudes das dúas liñas que cumpren cos requisitos da orde.

3. Se se descobre que unha persoa beneficiaria efectuou deliberadamente unha declaración falsa, o expediente de axuda de que se trate quedará excluído da axuda do Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU e recuperaranse todos os importes que fosen aboados polo dito expediente. Ademais, a persoa beneficiaria quedará excluída destas axudas durante o ano natural en que se detectou a irregularidade e durante o ano natural seguinte.

Artigo 23. *Financiamento*

1. As accións previstas nesta orde financiaranse, nos exercicios 2025 e 2026, con cargo á aplicación 15.03.713B.770 e código de proxecto 2023.00238, por un importe de 1.402.582,46 euros distribuídos do seguinte xeito:

- 280.516,49 euros no ano 2025.
- 1.122.065,97 euros no ano 2026.

2. Sen prexuízo das contías indicadas anteriormente, existe a posibilidade de ampliación de crédito nos supostos previstos no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Neste caso, o órgano concedente procederá a publicar esta ampliación nos mesmos medios que a convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo de prazo para resolver.



3. As actuacións subvencionables serán financiadas integramente pola Unión Europea a través dos fondos asignados á Xunta de Galicia con cargo ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGeneratioEU, mediante o instrumento do Mecanismo de recuperación e resiliencia, aprobado polo Regulamento (UE) núm. 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro, dentro do compoñente 4 (C4) Conservación e restauración de ecosistemas mariños e terrestres e a súa biodiversidade, investimento 4 (I4) Xestión forestal sostible.

Artigo 24. *Controis e loita contra a fraude*

1. En cumprimento do establecido no artigo 6 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, estableceranse mecanismos para a prevención, detección, corrección e persecución da fraude, a corrupción e o conflito de intereses.

2. As entidades beneficiarias destas subvencións someteranse ás actuacións de control que realice a Consellería do Medio Rural para o seguimento dos proxectos aprobados e ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, así como ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, de ser o caso, á autoridade de control e aos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo e ás verificacións do artigo 22 do Regulamento (CE) núm. 241/2021 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro, polo que se establece Mecanismo de recuperación e resiliencia (DOUE do 18 de febreiro).

3. Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación cos proxectos financiados con cargo a fondos procedentes da Unión Europea, como é o caso, poderá pór os ditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) da Intervención Xeral da Administración do Estado, nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 6 de abril, do citado servizo, a través da canle habilitada na web <https://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/medidas-antifraude/snca-olaf>. Así mesmo, a Xunta de Galicia pon ao dispor da cidadanía unha canle de denuncias sobre irregularidades ou condutas de fraude, que terá a súa sede no Sistema integrado de atención a cidadanía (SIACI). A ligazón á canle de denuncias é a seguinte: <https://transparencia.xunta.gal/canle-de-denuncias>. Estas canles garanten o anonimato da persoa denunciante.

4. No control e na loita contra a fraude, a Consellería do Medio Rural actuará de conformidade co establecido no Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas an-



tifraude da Xunta de Galicia e no seu Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude que se atopen vixente (<https://transparencia.xunta.gal/integridade-institucional/plans-antifraude>), sendo de aplicación a esta orde e, polo tanto, as persoas beneficiarias da subvención.

Artigo 25. *Infraccións e sancións*

En materia de infraccións e sancións será de aplicación o disposto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 26. *Alteración de condicións*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, para a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 27. *Obrigas das entidades beneficiarias*

1. As entidades beneficiarias da axuda están obrigadas a someterse ás actuacións de comprobación e control que deba efectuar o órgano concedente, ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coa subvención concedida, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, ás da autoridade de control, así como ás comprobacións da Comisión Europea, da Oficina Europea de Loita contra a Fraude (OLAF), do Tribunal de Contas da Unión Europea, se é o caso, á Fiscalía Europea, e aos controis derivados do Plan nacional de recuperación, transformación e resiliencia, que se realicen a través de autoridades nacionais ou europeas, facilitando tanta información e documentación lles sexa requirida.

2. A entidade beneficiaria está obrigada a someterse a calquera actuación que a Administración concedente poida realizar para comprobar a aplicación das axudas á finalidade que determinou a súa concesión, o cumprimento dos requisitos exixidos para a concesión e o pagamento da axuda e o mantemento das condicións establecidas nas bases reguladoras, a convocatoria e a resolución de concesión.

3. De conformidade co artigo 22.2.f) do Regulamento (UE) núm. 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia, é preceptiva a conservación da documentación xustificativa da



aplicación dos fondos recibidos durante un período de cinco (5) anos a partir do pagamento do saldo ou, na falta deste pagamento, da operación. Este período será de tres (3) anos se o financiamento é dun importe inferior ou igual a 60.000 euros.

4. As persoas beneficiarias desta orde comprométense a cumprir co principio horizontal de «non causar prexuízo significativo» (*Do no significant harm*, DNSH), definido no artigo 2.6) do Regulamento (UE) núm. 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia, respecto dos seis obxectivos ambientais recollidos no artigo 5 da Orde HFP/1030/2021 e definidos no Regulamento (UE) núm. 2020/852 (Regulamento de taxonomía da UE):

- a) Mitigación do cambio climático.
- b) Adaptación ao cambio climático.
- c) Uso sustentable e protección dos recursos hídricos e mariños.
- d) Transición cara a unha economía circular.
- e) Prevención e control da contaminación.
- f) Protección e recuperación da biodiversidade e os ecosistemas.

5. Así mesmo, son obrigas das entidades beneficiarias da axuda as sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. O incumprimento das condicións establecidas nesta orde e as indicadas na resolución de concesión de axuda, así como atoparse nas circunstancias previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ocasionará a perda do dereito á axuda.

Artigo 28. *Medidas informativas e publicitarias*

1. Nos instrumentos de información e difusión que utilice a Consellería do Medio Rural aplicaranse as obrigas de comunicación, logos e emblema exixidos no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR.

2. Do mesmo xeito, as entidades beneficiarias deben cumprir coas obrigas en materia de información, comunicación e publicidade recollidas no artigo 34.2 do Regulamento



(UE) núm. 2021/24 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia; que recolle expresamente que os perceptores de fondos da Unión farán mención da orixe deste financiamento e velarán por darlle visibilidade, incluído cando proceda, mediante o emblema da Unión e unha declaración de financiamento adecuado que indique «Financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU», en particular, cando promovan as accións e os seus resultados, facilitando información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público.

En particular os estudos, os informes, o proxecto ou outro tipo de documento resultante da realización das actuacións subvencionadas deberán incluírse os seguintes logotipos:

a) O emblema da Unión. Teranse en conta as normas gráficas do emblema da Unión e as cores normalizadas que se poden consultar na seguinte páxina web: <http://publications.europa.eu/code/es/es-5000100.htm> e descargar diferentes exemplos do emblema en: https://europa.eu/european-union/about-eu/symbols/flag_es#download.

b) Xunto co emblema da Unión, incluírase o texto «Financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU».

c) Tamén se usará o logotipo do Plan de recuperación transformación e resiliencia dispoñible na ligazón <https://planderecuperacion.gob.es/identidad-visual>

d) Tamén se empregará o logotipo oficial da Xunta de Galicia e o logotipo da Consellería do Medio Rural.

3. A entidade beneficiaria informará o público da axuda obtida do Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, durante un período mínimo igual ao da obriga de conservación da documentación xustificativa da aplicación dos fondos que se recolle no artigo 27.3 da orde, exhibindo un panel de tamaño A3 (297×420 mm), nun lugar ben visible da súa sede, que faga referencia clara e inequívoca á axuda concedida, con expresión dos datos identificativos desta orde, acompañados polo logotipo oficial da Xunta de Galicia, o logotipo da Consellería do Medio Rural e o emblema da UE, cunha declaración de financiamento que diga «Financiado por la Unión Europea-NextGenerationEU», xunto ao logo do PRTR, dispoñible na ligazón <https://planderecuperacion.gob.es/identidad-visual>

4. Cando a entidade beneficiaria dispoña dun sitio web para uso profesional, deberá incluír neste unha breve descrición da operación cando poida establecerse un vínculo entre

CVE-DOG: xh7qvbv6-pbr9-scl2-16z4-kt7vnyw8x320



o obxecto do sitio web e a axuda prestada á operación, cos seus obxectivos e resultados, e destacando a axuda financeira da Unión.

Artigo 29. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 30. *Réxime xurídico*

As axudas reguladas nesta orde ampáranse nas actuacións incluídas no investimento 4 (I4), Xestión forestal sostible, do compoñente 4 (C4) do Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España, segundo o acordado na Conferencia Sectorial de Reto Demográfico do 1 de setembro de 2022 e, polo tanto, o marco normativo básico é o seguinte:

– Regulamento (UE) núm. 2020/2094 do Consello, do 14 de decembro, polo que se establece un instrumento de recuperación da UE para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19.

– Regulamento (UE) núm. 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia.

– Regulamento (UE, Euratom) núm. 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión, polo que se modifican os regulamentos (UE) núm. 1296/2013, (UE) núm. 1301/2013, (UE) núm. 1303/2013, (UE) núm. 1304/2013, (UE) núm. 1309/2013, (UE) núm. 1316/2013, (UE) núm. 223/2014 e (UE) núm. 283/2014 e a Decisión núm. 541/2014/UE e polo que se derroga o Regulamento (UE, Euratom) núm. 966/2012.

– Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR) de España aprobado o 16 xuño de 2021 mediante decisión de execución do Consello de Europa.

CVE-DOG: xh7qv6v6-pbr9-scl2-16z4-kt7vnyw8x320



– Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do PRTR.

– Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR.

– Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información que deben proporcionar as entidades do sector público estatal, autonómico e local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos, e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do PRTR.

– Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemático do risco de conflito de intereses nos procedementos que executan o Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

– Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.

– Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

– Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

– Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

– Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

– Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.

– Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

– Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

– Orde do 26 de abril de 2022 pola que se desenvolve a tramitación electrónica das solicitudes para o recoñecemento como agrupación forestal de xestión conxunta (código de procedemento MR608B) e como persoa silvicultora activa (código de procedemento MR608C).

CVE-DOG: xh7qvbv6-pbr9-scl2-16z4-kt7vnyw8x320



– Decreto 45/2011, do 10 de marzo, polo que se regula o fomento das agrupacións de propietarios forestais, os requisitos e a cualificación das sociedades de fomento forestal e a creación do seu rexistro.

Sen prexuízo das normas específicas de aplicación para os fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU que se poidan establecer, en defecto do previsto nesta normativa, aplicaranse as normas de dereito administrativo, incluídas as sectoriais, así como as normas de dereito privado ou outras de ámbito nacional ou europeo que puidesen resultar aplicables.

Disposición adicional primeira. *De mínimos*

1. As axudas a persoas xurídicas que realicen actividades económicas que se poidan conceder ao abeiro da presente orde sométense ao réxime *de mínimos*, Regulamento (UE) núm. 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de mínimos* (DOUE 15.12.2023 serie L), polo que cada persoa beneficiaria non poderá recibir máis de 300.000 euros de axudas sometidas ao antedito réxime, durante o período dos tres anos previos.

2. Para tal efecto, as posibles persoas beneficiarias da presente orde que realicen actividades económicas deberán xuntar, coa súa solicitude, declaración sobre calquera outra axuda sometida ao devandito réxime *de mínimos* recibida nos tres anos previos.

3. Na resolución de concesión farase constar o importe da axuda, expresado en equivalente bruto de subvención, así como a súa natureza *de mínimos*, segundo o Regulamento (UE) núm. 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro.

Disposición adicional segunda. *Base de datos nacional de subvencións*

De conformidade co establecido nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Real decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de datos nacional de subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas transmitirse á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición adicional terceira. *Protección de datos persoas de persoas físicas*

De acordo co establecido no artigo 14, letra ñ), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as persoas beneficiarias quedan informadas cos datos consignados no



modelo normalizado de solicitude, dos aspectos básicos previstos no Regulamento (UE) núm. 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPd), e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Disposición adicional cuarta. *Conflicto de intereses*

1. O presente procedemento de subvención está suxeito a análise sistemática e automatizada do risco de conflito de interese prevista na disposición adicional centésima décima segunda da Lei 31/2022, do 23 de decembro, e na Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executan o Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

2. De acordo co establecido no artigo 7 da Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, o órgano de concesión de subvención poderá solicitar aos solicitantes de axudas a información da súa titularidade real cando a AEAT non dispoña desa información e así o indicase mediante a correspondente bandeira negra, tendo en conta a análise realizada a través de Minerva. Este suposto non implicará a suspensión automática do procedemento en curso, pero a dita información deberá aportarse ao órgano de concesión de subvención no prazo de cinco (5) días hábiles, desde que se formule a solicitude de información. A falta desta información no prazo sinalado será motivo de exclusión do procedemento.

3. Os datos, unha vez recibidos, serán adecuadamente custodiados de acordo co Regulamento (UE) núm. 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril (Regulamento xeral de protección de datos), e coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. A través do Minerva, o responsable de operación levará a cabo un novo control *ex ante* do risco de conflito de intereses, indicando, en lugar do solicitante da axuda, os titulares reais recuperados polo órgano de concesión de subvención.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación competencial*

Facúltase o director xeral de Planificación e Ordenación Forestal para que dite, no ámbito das súas competencias, as instrucións necesarias para a aplicación ou o cumprimento do establecido nesta orde.

CVE-DOG: xh7qvbv6-pbr9-scl2-16z4-kt7vnyw8x320



Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2025

María José Gómez Rodríguez
Conselleira do Medio Rural

CVE-DOG: xh7qvbv6-pbr9-scl2-16z4-kt7vnyw8x320



XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA
DO MEDIO
RURAL

ANEXO I

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
AXUDAS PARA A CREAÇÃO E APOIO DAS AGRUPACIÓNS FORESTAIS DE XESTIÓN CONXUNTA	MR608F	SOLICITUDE

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

IDENTIFICACIÓN

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO

ENDEREZO

PAÍS							
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA		
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				
PARROQUIA	LUGAR						
CONTACTO							
PREFIXO	TELÉFONO 1	PREFIXO	TELÉFONO 2				
CORREO ELECTRÓNICO							

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

IDENTIFICACIÓN

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - [Notifica.gal](https://notifica.xunta.gal) (<https://notifica.xunta.gal>).

Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.

Envíananse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de [Notifica.gal](https://notifica.gal):

PREFIXO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

DATOS BANCARIOS

☐ Formato IBAN☐ Formato BIC

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA

NÚMERO DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

SOLICITA ACTUACIÓNS PARA A LIÑA I OU LIÑA II DE AXUDAS: (só pode seleccionar unha, son incompatibles)

☐ LIÑA I: AXUDA PARA A CREAMENTO DE AFXC☐ LIÑA I-bas: AXUDA PARA A CREAMENTO DE AFXC BÁSICAS☐ LIÑA I-ter: AXUDA PARA A CREAMENTO DE AFXC TERRITORIAL☐ LIÑA II: AXUDA PARA O APOIO DAS AFXC

DATOS DO INVESTIMENTO DA LIÑA I-BAS (axudas para creación de AFXC- básica)

ACTUACIÓNS SOLICITADAS	ORZAMENTO (SEN IVE)
☐ Identificación da iniciativa de constitución	
☐ Gastos de tramitación e inscrición da entidade solicitante	
☐ Adhesión expresa a referentes de boas prácticas e aos modelos silvícolas	
☐ Inscrición no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas	
TOTAL	

DATOS DO INVESTIMENTO DA LIÑA I-TER (axudas para creación de AFXC- territorial)

ACTUACIÓNS SOLICITADAS	ORZAMENTO (SEN IVE)
☐ Actuacións iniciais	
1. Listaxe identificativa da superficie da iniciativa de constitución AFXC	
2. Listaxe do tipo de participación da persoa socia	
3. Documentación acreditativa da disposición dos dereitos de uso da superficie das terras de natureza forestal para incluír na AFXC	
4. Cartografía poligonal da superficie de xestión conxunta	
☐ Gastos de tramitación e inscrición da entidade solicitante	
☐ Revisión do parcelario e estado das parcelas	
☐ Investigación da titularidade	
☐ Adhesión expresa a referentes de boas prácticas e aos modelos silvícolas	
☐ Inscrición no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas	
TOTAL	

DATOS DO INVESTIMENTO DA LIÑA II (axudas para o apoio das AFXC)

ACTUACIÓNS SOLICITADAS	ORZAMENTO (SEN IVE)
☐ Revisión do parcelario e estado das parcelas que supoñen unha ampliación da AFXC	
☐ Investigación da titularidade das parcelas que supoñen unha ampliación da AFXC	
☐ Boa gobernanza das Sofor	
☐ Implantación dos sistemas de certificación internacionalmente recoñecidos e incorporación de servizos ecosistémicos	
☐ Adhesión a referentes de boas prácticas e aos modelos silvícolas	
☐ Inscrición no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas	
☐ Gastos de xestión, mantemento e representación	
TOTAL	



A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para as mesmas actuacións ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para as mesmas actuacións ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)

2. Que, en relación coas axudas *de minimis*:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda *de minimis*.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon axudas *de minimis*, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime *de minimis* doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
4. Que cumpre coas obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de que non está incurso en ningunha clase de inhabilitación de axudas previstas no seu artigo 10. Ademais, que a entidade non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
5. Que a entidade cumpre os requisitos establecidos no artigo 122 e seguintes da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, e as disposicións contidas na presente orde.
6. Que se compromete a manter a actividade da agrupación forestal de xestión conxunta, desde a data de inscrición no rexistro de agrupación forestais de xestión conxunta, un mínimo de 10 anos para as AFXC-territoriais creadas (líña I-ter), 3 anos para as AFXC -básicas creadas (líña I-bas) e 10 anos para as AFXC que figuran xa inscritas na data de solicitude (líña II); e a cumprir os requirimentos establecidos no artigo 122 e seguintes da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.
7. Que a entidade non está inmersa nun proceso de concurso de acredores nin se encontra en situación de crise conforme a normativa comunitaria.
8. Compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR e do principio DNSH (non causar un prexuízo significativo), en concreto as seguintes:
